

# Superar as barreiras da incompreensión

## Esther Anido Díaz

Nai dunha alumna con parálise cerebral

Son nai de dúas nenas, a pequena con parálise cerebral. A través destas liñas tentarei achegarlles o meu testemuño. Non son experta en educación, por iso falarei dende o corazón. Antes de nada, quérolles dar as grazas á miña filla maior polo seu apoio, e á pequena por ser como é.

A nosa historia empeza cando ela cumpre un mes. Daquela eu xa notara algo raro, pero o seu médico sempre me dicía que lle dese tempo, tempo ao tempo. Desgraciadamente o tempo encargouse de confirmar os meus temores. A partir de aí esvaecéronse todas as ilusións e as miñas bágoas nocturnas unicamente se calmaban coa esperanza de recibir boas noticias cada vez que iamos á consulta. Pouco a pouco reparamos que non hai outra saída que encarar a realidade e todo muda radicalmente. A miña filla convértese no centro da miña vida: terapias, rutinas... Os gastos triplicáanse, entre tanto perdo o traballo e a economía familiar reséntese.

Na rúa notas miradas de pena. E iso doe..., sentes que a túa filla se converte, de súpeto, en motivo de compaixón, mentres se lle nega a súa condición de cidadá con dereitos. E chega o momento de ir á escola. A opción é unha escolarización combinada: dous días nun colexio específico e tres no ordinario, sendo o específico, o de referencia. Aínda admitindo o encomiable traballo dos centros específicos, o primeiro contacto con eles resulta un choque tremendo. Decontado un decátase da verdadeira dimensión do problema. Tamén é xusto recoñecer que os seus profesionais comprenden as dúbidas e os medos duns pais asustados e conseguen que, pouco a pouco, todo nos resulte máis levadío.

Nós cremos que é moi beneficioso que os nosos fillos acudan aos centros ordinarios. Non obstante, na práctica non resulta tan doado. Moitas veces, as infraestruturas exclúen estes nenos. En calquera caso, os problemas non se resolven cun ascensor ou cunhas ramplas.

## Por que temos que aturar as actitudes negativas dalgunhas persoas ante a integración?

Para min os cuidadores son dignos de admiración. Eles asean os nosos fillos, danlles de comer, xogan con eles e envólvenos de cariño. Pero, non fan labores que son máis propios do profesor de apoio?, non será que debera haber máis profesores?

Tamén me gustaría que a ANPA pensase un pouco máis nos nosos fillos cando programen actividades en horario extraescolar.

E, que podo dicir do comedor?, por que non temos dereito a ese servizo? Que

eu coñeza, a norma di que os comensais deben ser autónomos. Pódenme explicar como pode ser autónoma a miña filla cun 85% de minusvalía?

Unha vez máis, reitero a miña gratitude para tantos profesionais que desenvolven un bo traballo con estes nenos, e pido para eles todos os apoios necesarios. Aos demais, aos pouco convencidos, diríalles:

Por que temos que aturar a súa actitude negativa ante a integración?

Por que os nosos fillos teñen que soportar a súa indiferenza?

Por que algúns non aceptan o apoio do centro de referencia?

Que dereito teñen a facerlles sentir aos nosos fillos, que ese non é o seu lugar?

Que dereito teñen a negarlles aos outros nenos a oportunidade de aprender a convivir cos nosos?

Que pensarían da integración, se o neno con problemas fose o seu fillo?

Eu non quixera ter que lle explicar, algún día, á miña filla as respostas a esas preguntas.

